

## Opción A

1. O gastrónomo vomita porque sae anoxado do restaurante polo mal feita que está a comida: as patacas demasiado cocidas e un exceso inxustificado de gornición. Entre os nervios, o mal humor e a propia condución do coche, provócanlle as náuseas e, finalmente, o vómito.

2.

a) Naquel restaurante eran uns simples traficantes de comida:

Refírese á falta de sensibilidade artística á hora de cociñar. Simplemente, adícanse a comprar e vender alimentos.

b) Poucas cousas hai máis duras que a vida dun gastrónomo:

O autor afirma iso despois da experiencia desagradábel que acaba de ter no restaurante. O que se supón que tiña que ser un pracer (encima comendo nun restaurante de suposta alta cociña) convértese nunha tortura.

3. libre

4. Sí podería: “máis....ca a /cá”. Ao non haber ningún dos casos obrigatorios (verbo ou pronome) admítense as dúas construcións:

*Poucas cousas hai máis duras ca a /cá vida dun gastrónomo.*

5. Hiperónimo: **Gastronomía**. Hipónimos: **gastrónomo, restaurante, pratos, cocción**.

(tamén podería ser hiperónimo **comida** e os hipónimos **lacón, grelos, patacas, nata...**)

## Opción B

1. Principio xeral do consumo vs. Produción : máxima satisfacción posíbel. (l. 1-5)

2. Caso de Carmela da Chousa: produtora de leite compra téxtil barato. (l. 6-11)

3. Caso de Susa Valdecales: vítima dun ERE no téxtil compra leite de marca branca. (l.12-17)

2. O autor tenta transmitir que se non compramos con conciencia, pensando no que hai detrás, nas persoas que viven grazas a ese traballo, que pagan impostos e utilizan produtos de calidade, todos podemos acabar na mesma situación de precariedade no traballo. O único xeito, un chisco utópico, de solucionar esta situación sería que todos compráramos no comercio xusto ou directamente aos produtores e traballadores.

### 3. Libre

4. *Consumidores, porén sómolo todos*: o autor centra o foco da información ( o rema) no atributo. Fai énfase coa conxunción adversativa e repite mediante o pronome átono o atributo a causa da orde dos elementos que o esixe .En *Todos somos consumidores* o foco céntrase no suxeito, a orde é a lóxica é a habitual (suxeito, verbo, atributo) e polo tanto non precisa de reduplicación de ningún elemento.

5.

**Suxeito** : Carmela

**Núcleo do predicado**: arrodeou

**Complemento directo**: a muralla (SN)

**Predicativo**: empoleirada na cabina da súa máquina (oración subordinada adxectiva)

Núcleo : empoleirada

CCL: na cabina da súa máquina (SP)

Enlace: en

Termo: a cabina da súa máquina (SN)

Determinante: a

Núcleo: cabina

Modificador: da súa máquina (SP)

Enlace: de

Termo: a súa máquina (SN)

Determinante: a

Núcleo: súa máquina (SN)

Determinante: súa

Núcleo: máquina